BOP
MÉRCORES, 15 DE XUÑO DE 2022 N.º 136
DEPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**Expediente: DH.A27.71029**

O Concello de Antas de Ulla solicita de Augas de Galicia a concesión dun aproveitamento de augas públicas coas seguintes características:

| | |
|---|---|
| **SOLICITANTE:** | Concello de Antas de Ulla |
| **VOLUME MÁXIMO ANUAL:** | 236.543,91 m3/ano. |
| **CAUDAL INSTANTÁNEO:** | 14 l/s |
| **DESTINO:** | abastecemento municipal |
| **ORIXE:** | 2 mananciais |
| **LUGAR:** | Costa de Cibreiro |
| **PARROQUIA:** | San Miguel de Cibreiro |
| **CONCELLOS:** | Antas de Ulla |

O aproveitamento consiste en dúas captacións de dous mananciais no monte da Costa de Cibreiro, a través de 250 e 671 m respectivamente de tubería porosa soterrada de 125 mm de diámetro envolta en dado de 1 m de capa filtrante de gravilla, e a súa recollida en sendas arquetas de captación con areeiro de 2,0x1,4x1,8 m, e posterior reunión nunha arqueta nº 1 embutida no terreo de dimensións 1,1x1,1x1,5 m. Dende esta arqueta parten dúas conducións ata o cercano Depósito nº 1, de 138 m3, e deste depósito parten outras dúas conducións, unha de diámetro 90 mm que abastece o núcleo de San Miguel de Cibreiro (1.290,00 m), e outra de 125 mm ata o depósito nº 2 (1.610,00 m). Do Depósito nº 2 sae unha tubería de diámetro 125 mm ata a arqueta nº 2 (2.070,00m), que conta cunha chave de paso e unha válvula redutora. Da arqueta nº 2 sae unha tubería de diámetro 50 mm que abastece os núcleos de poboación de Peibás e Velanxil (1.140,00 m); e continúa un ramal da tubería de diámetro 125 mm (1.240 m) cara ao depósito nº 3 de Verín, de 276 m3, onde atopamos dúas arquetas (nº 3 e 4) na saída do mesmo, das que parten conducións ata diferentes puntos do concello de Antas de Ulla, como Verín, O Cruceiro, Caldelas, San Xurxo, Senande, Dorra, O Pazo, Os Carreiros, Alemparte, Chapeleira, Montecelos, Ribadulla, Santiso, Pedroucos, Suar, Fondevila, Outeiro de Donas, Casa Naia e Aboi.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Antas de Ulla, ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño número 16, baixo, en Santiago, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no enderezo electrónico dgc.augas@xunta.gal

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2022.- O xefe do Servizo Territorial,Jesús Antonio Manrique Merino.

R. 1600

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

# CONCELLOS

## BECERREÁ

*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de data 9 de xuño de 2022 a relación de postos de traballo para o exercicio 2022 (expediente nº 718/2022) en cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exponseao público na Secretaría deste Concello, por plazo de 20 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinteó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmopoidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidasó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 10 de xuño do 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1601

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2022**

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2022, o orzamento xeral para o exercicio 2022 e documentación que se acompaña (expediente nº 718/2022), conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días hábiles desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Becerreá, 10 de xuño do 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1602

---

*Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía ditada o día 10 de xuño de 2022aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación de cinco traballadores para a formación de unha brigada de prevención e defensa contra incendios e dous traballadores para actuacións de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración que se prevé entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Becerreá para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

-1 xefe de brigada

-1 peón-conductor

-3 peóns de brigada

-2conductores de motobomba

Duración dos contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina http://www.concellobecerrea.ese no taboleiro de edictos do Concello de Becerreá.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Becerreá, 10 de xuño de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1603

---

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

*Anuncio*

**EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 09/06/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño do 2022 da taxa pola prestación do servicio de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/08/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de xuño de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1604

## O CORGO

*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía do 9 de xuño de 2022 nomeouse o Tribunal cualificador do procedemento selectivo para selección de persoal laboral fixo: persoal de atención (técnico de atención á infancia) para o Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello do Corgo, que estará formado polos seguintes membros:

- PRESIDENTE: Xesús Ferreiro Núñez. Profesor de Secundaria de Didáctica da Educación Infantil e Intervención Sociomunitaria.

- SECRETARIO: D. Marco Antonio García-Gabilán Sangil, Secretario-Interventor do Concello do Corgo.

- VOGAL: Aurora Naveira Pose. Directora de Escola Infantil

- VOGAL: Eva Mª Suárez Gil. Directora de Escola Infantil

- VOGAL: María González Abelaira. Mestra de Educación Infantil CPI Castroverde.

SUPLENTES: Os seguintes suplentes substituirán en caso de que non asista o titular da seguinte maneira e pola orde que se relaciona:

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

- Suplentes de Presidente e vogais:

1. Miguel Basadre Basadre. Profesor Técnico de FP especialidade de servizo á comunidade.

2. Sara Fernández Rey. Mestra de Educación Infantil do CEIP do Corgo.

3. Mª Jesús Pérez Fernández. Mestra de Educación Infantil do CPI de Castroverde.

4. Consuelo del Pilar López Fernández. Directora do CEIP do Corgo.

- Suplentes do Secretario:

1. Mónica Giménez López. Letrada da Deputación de Lugo.

Asimesmo, na citada Resolución fixouse a data da constitución do tribunal, que terá lugar o xoves día 23 de xuño ás 12:00 horas na Casa do Concello do Corgo.

O que se fai público en cumprimento das bases da convocatoria.

O Corgo, 9 de xuño de 2022.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 1605

---

## FOLGOSO DO COUREL

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 09 de xuño de 2022 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de maio de 2022.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 10 de xuño de 2022.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1606

---

## FOZ

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS**, ao amparo do artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS**

**PREÁMBULO**

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 57, 15 e seguintes, do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e artigos 20 e seguintes do mesmo texto normativo, en especial o artigo 24.1 do propio corpo normativo, regúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal a Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos conforme ao réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza resultantes dun Informe técnico económico preceptivo cuxo método de cálculo e parámetros previstos no mesmo foron declarados conforme a dereito polo Tribunal Supremo citándose, para o efecto, as sentenzas 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre outras, que validan este modelo de Ordenanza e fixan o contido e esixencias da mesma.

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

**ARTIGO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**.-

Veñen obrigados ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de Bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións do mesmo que se dirán, ou que veñan gozando dos devanditos beneficios. A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa para satisfacer establecida no artigo 24.1.a), do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo aproveitamento especial do dominio público local, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e que ocupen o chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas para o artigo 24.1. c).

**ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE**.-

Constitúe o feito Impoñible da taxa, conforme ao artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais do 5 de marzo de 2004, o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, con:

a) Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que, aos meros efectos enunciativos, defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos do dominio público local non recollidos neste apartado.

b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Para os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se achen no termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais.

**ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.-**

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que gocen ou aproveiten o dominio público local. Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, gas, electricidade, e hidrocarburos, sempre que disfruten ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei de Facendas Locais tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, fornecen e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar pero que aproveitan, afectando coas súas instalacións, o dominio público local.

**ARTIGO 4º.- RESPONSABLES**.-

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5º.- BASES, TIPOS E COTAS TRIBUTARIAS**.-

A regulación das taxas da presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contidas nas tarifas que figuran no anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1 [a]) do TRLHL, polo aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas por dito aproveitamento especial do dominio público local fíxase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, como si os bens afectados non fosen de dominio público, adoptados á vista de un informe técnico-económico no que se pon de manifesto o valor de mercado. Dito informe incorporase ao expediente para a adopción do correspondente acordo, conforme se establece no artigo 25 do RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin e en consonancia co apartado 1.a) do artigo 24 da Ley Reguladora das Facendas Locais, atendendo á natureza especifica do aproveitamento especial, resultará unha cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tuberías, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asentan e atravesan bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, merman sin embargo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A cota tributaria resultará de calcular, en primeiro lugar, a base impoñible que ven dada polo valor total da ocupación, solo e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflexa o estudio, á que se lle aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudio en atencións ás prescricións das normas sobre

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a Base Impoñible, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

A tal fin, e conforme á esixencia do Tribunal Supremo nas Sentenzas, por todas, a do 3 de decembro de 2020 que motivan esta ordenanza, establecese en atención á xustificación do estudio, dos tipos impositivos diferentes en atención á intensidade do uso do dominio público local:

a) O 5% nos aproveitamentos especiais das instalacións tales como caixas de amarre, liñas subterráneas, torres metálicas, apoios, transformadores, depósitos ou outros elementos similares.

b) O 2,5% no aproveitamento dos restantes elementos tales como liñas aéreas ou cables de transporte de enerxía.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao informe técnico-económico que forma parte desta Ordenanza no que coa metodoloxía empregada obtivo e recolleu a cota tributaria en cada caso.

**Artigo 6º.-EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS**.-

Non se prevén exencións, reducións nin bonificacións aplicables á presente taxa.

**Artigo 7º.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**.-

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cese no aproveitamento especial do dominio público local, casos no que procederá aplicar o porrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de uso ou aproveitamento especial, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para rematar o exercicio, incluído o trimestre no que ten lugar a alta.

b) No caso de baixas por cese na utilización ou aproveitamento especial, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cese.

2. A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o desfrute do aproveitamento especial ou a utilización do dominio público local a que se refire o artigo 1 desta Ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento no que se iniciou o citado aproveitamento ou utilización do dominio público local.

3. Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións do dominio público local se prolonguen durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

**Artigo 8º.- NORMAS DE XESTIÓN**.-

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Alternativamente ao réxime de autoliquidación, se así o desexa o suxeito pasivo, poderá presentar declaración en canto aos elementos e demais para achar as cotas tributarias. No suposto de que o suxeito pasivo non presente autoliquidación no prazo que establece este artigo ou, no seu caso, non presente declaración, por parte da Administración esixirase o pago da taxa mediante notificación das cotas ao suxeito pasivo. As autoliquidacións presentadas polas empresas obrigadas poderán ser obxecto de verificación e comprobación pola Administración Municipal, que practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan.

2.- As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado da seguinte forma:

a) Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, xunto coa solicitude de autorización para desfrutar do aproveitamento especial, presentarase debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa, ou noutro caso aplicarase o parágrafo seguinte:

Alternativamente, si así o prefire o suxeito pasivo, poden presentarse en Tesourería os elementos da declaración ao obxecto de que o Funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Neste supostos, expedirase un abonarei ao interesado, ao obxecto de que poida satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo que proceda, nos lugares de pago indicados no propio abonarei.

b) En supostos de aproveitamentos ou utilizacións xa existentes ou autorizados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilitar o pago, ou no suposto de que o suxeito pasivo non aporte datos, unha vez transcorrido dito prazo, o Concello levará a cabo a pertinente liquidación e poderá remitir ao enderezo do suxeito pasivo un documento liquidador apto para permitir o pago en entidade bancaria colaboradora ou en caixa municipal.

Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obrigación de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello reservándose este o dereito a aplicar os mecanismos da LGT.

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

3.-O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, en cuxo caso ordenarase o pago en conta bancaria durante a última quincena do período de pago voluntario.

En todo caso, o non previsto na presente ordenanza relativo ás normas de xestión e recadación, o que contradiga a Lei Xeral Tributaria, estarase ao establecido nesa Lei polo seu carácter xeral.

**Artigo 9º.- NOTIFICACIÓNS DAS TAXAS**.-

1.-A notificación da débeda tributaria nos supostos de aproveitamentos ou utilizacións a que se refire esta Ordenanza realizarase ao interesado, no momento no que se presenta a autoliquidación ou no que se leva a cabo a notificación da liquidación da mesma, si aquela non se presentara.

Non obstante o previsto no apartado anterior, si unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2.-Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais de forma continuada, obxecto desta Ordenanza, que ten carácter periódico, a presentación de autoliquidación ou, no caso de prescindir o suxeito pasivo da súa presentación, de liquidación, terase por notificado, entendéndose desde ese momento a alta no rexistro de contribuíntes. Caso de optar esta Administración polo mecanismo potestativo da notificación colectiva, dita alta seralle notificada ao suxeito pasivo segundo o procedemento legalmente establecido na Lei Xeral Tributaria. A taxa de exercicios sucesivos poderá notificarse persoalmente ao suxeito pasivo, ou colectivamente mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período correspondente que se anunciará neste último caso no Boletín Oficial da Provincia.

3.-As persas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión ou autorización de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non conten coa preceptiva, no seu caso, licenza municipal, deberá solicitar a mesma e cumprir os trámites legais que resulten de aplicación, sen que a falta da mesma os exima do pago da taxa.

4.-Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta Ordenanza, ou establecida a mesma, si non se determinou con exactitude a duración da autorización que implique o aproveitamento, entenderase prorrogada a efectos de esta Ordenanza, hasta que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos e se proceda ao cese do aproveitamento.

5.-A presentación da baixa, co conseguinte cese no aproveitamento, presentado no Concello, surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa.

En todo o non previsto na presente Ordenanza relativo ás normas de notificación, ou que contradiga a Lei Xeral Tributaria, estarase ao establecido nesa Lei polo seu carácter xeral.

**Artigo 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**.-

En todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, aplicarase o disposto na vixente Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**.-

A presente Ordenanza no seu actual contido, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzarase a aplicar a partir do día 1º de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor para exercicios sucesivos hasta a súa modificación ou derrogación expresa.

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA.-**

Á entrada en vigor de esta Lei quedarán derrogadas tódalas disposicións que se opoñan ao establecido na mesma e, en particular a Ordenanza Fiscal da Taxa por tendidos, tubería e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparatos para venta automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos do Concello de Foz.

Aprobada inicialmente polo Concello de Foz en Pleno, en sesión ordinaria de data 31 de marzo de 2022. Elevada a definitiva ao non haberse presentado reclamacións.

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

## ANEXO 1:

## CADRO DE TARIFAS IDENTIFICATIVAS COA COTA TRIBUTARIA PREVISTA NA ORDENANZA

## CÁLCULO DA BASE IMPOÑIBLE

| GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TIPO | INSTALACION | CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS) | VALOR DE LAS INSTALACIONES | | | | VALOR DEL SUELO | VALOR TOTAL | Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5] | BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTORES (Euros/ml) [H=GxC] | BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G] |
| | | | Valor unitario (Euros/Km) [A] | Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000] | Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C] | Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C] | Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E] | Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E] | | | |
| A1 | Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | Simple Circuito | 298.437 | 298,437 | 17,704 | 16,857 | 0,100 | 16,957 | 8,478 | 150,101 Euros/ml | 8,478 Euros/m2 |
| A2 | Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | Doble Circuito | 505.047 | 505,047 | 17,704 | 28,527 | 0,100 | 28,627 | 14,313 | 253,406 Euros/ml | 14,313 Euros/m2 |
| A3 | Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | Cuádruple Circuito | 1.010.096 | 1.010,096 | 17,704 | 57,055 | 0,100 | 57,154 | 28,577 | 505,931 Euros/ml | 28,577 Euros/m2 |
| A4 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | Simple Circuito | 266.617 | 266,617 | 11,179 | 23,850 | 0,100 | 23,950 | 11,975 | 133,866 Euros/ml | 11,975 Euros/m2 |
| A5 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | Doble Circuito | 451.197 | 451,197 | 11,179 | 40,361 | 0,100 | 40,461 | 20,230 | 226,156 Euros/ml | 20,230 Euros/m2 |
| A6 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | Cuádruple Circuito | 970.317 | 970,317 | 11,179 | 86,798 | 0,100 | 86,898 | 43,449 | 485,716 Euros/ml | 43,449 Euros/m2 |
| B1 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv | Simple Circuito | 160.510 | 160,510 | 6,779 | 23,678 | 0,100 | 23,777 | 11,889 | 80,593 Euros/ml | 11,889 Euros/m2 |
| B2 | Línea aérea de alta tensión. Tensión220 Kv>U> 123 Kv | Doble Circuito | 213.478 | 213,478 | 6,779 | 31,491 | 0,100 | 31,591 | 15,795 | 107,077 Euros/ml | 15,795 Euros/m2 |
| B3 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | Triple Circuito | 247.185 | 247,185 | 6,779 | 36,463 | 0,100 | 36,563 | 18,282 | 123,930 Euros/ml | 18,282 Euros/m2 |
| B4 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | Simple Circuito | 151.160 | 151,160 | 5,650 | 26,754 | 0,100 | 26,854 | 13,427 | 75,862 Euros/ml | 13,427 Euros/m2 |
| B5 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | Doble Circuito | 201.042 | 201,042 | 5,650 | 35,583 | 0,100 | 35,682 | 17,841 | 100,803 Euros/ml | 17,841 Euros/m2 |
| B6 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | Triple Circuito | 232.786 | 232,786 | 5,650 | 41,201 | 0,100 | 41,301 | 20,650 | 116,675 Euros/ml | 20,650 Euros/m2 |
| B7 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | Simple Circuito | 114.839 | 114,839 | 2,376 | 48,333 | 0,100 | 48,433 | 24,216 | 57,538 Euros/ml | 24,216 Euros/m2 |
| B8 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | Doble Circuito | 152.736 | 152,736 | 2,376 | 64,283 | 0,100 | 64,383 | 32,191 | 76,486 Euros/ml | 32,191 Euros/m2 |
| B9 | Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | Triple Circuito | 176.852 | 176,852 | 2,376 | 74,433 | 0,100 | 74,532 | 37,266 | 88,544 Euros/ml | 37,266 Euros/m2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

| GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | VALOR DE LAS INSTALACIONES | | | | VALOR DEL SUELO | VALOR TOTAL | | | |
| TIPO | INSTALACION | CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS) | Valor unitario (Euros/Km) [A] | Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000] | Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C] | Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C] | Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E] | Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E] | Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5] | BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTORES (Euros/ml) [H=GxC] | BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G] |
| **C1** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV** | **Simple Circuito** | 103.902 | 103,902 | 2,376 | 43,730 | 0,100 | 43,830 | 21,915 | 52,069 Euros/ml | 21,915 Euros/m2 |
| **C2** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV** | **Doble Circuito** | 138.190 | 138,190 | 2,376 | 58,161 | 0,100 | 58,260 | 29,130 | 69,213 Euros/ml | 29,130 Euros/m2 |
| **C3** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV** | **Triple Circuito** | 160.009 | 160,009 | 2,376 | 67,344 | 0,100 | 67,444 | 33,722 | 80,123 Euros/ml | 33,722 Euros/m2 |
| **C4** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV** | **Simple Circuito** | 67.296 | 67,296 | 1,739 | 38,698 | 0,100 | 38,798 | 19,399 | 33,735 Euros/ml | 19,399 Euros/m2 |
| **C5** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV** | **Doble Circuito** | 89.503 | 89,503 | 1,739 | 51,468 | 0,100 | 51,568 | 25,784 | 44,838 Euros/ml | 25,784 Euros/m2 |
| **C6** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV** | **Triple Circuito** | 103.635 | 103,635 | 1,739 | 59,595 | 0,100 | 59,694 | 29,847 | 51,904 Euros/ml | 29,847 Euros/m2 |
| **D1** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV** | **Simple Circuito** | 65.020 | 65,020 | 1,739 | 37,389 | 0,100 | 37,489 | 18,745 | 32,597 Euros/ml | 18,745 Euros/m2 |
| **D2** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV** | **Doble Circuito** | 77.829 | 77,829 | 1,739 | 44,755 | 0,100 | 44,855 | 22,427 | 39,001 Euros/ml | 22,427 Euros/m2 |
| **D3** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV** | **Triple Circuito** | 90.117 | 90,117 | 1,739 | 51,821 | 0,100 | 51,921 | 25,960 | 45,145 Euros/ml | 25,960 Euros/m2 |
| **D4** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV** | **Simple Circuito** | 52.666 | 52,666 | 1,534 | 34,332 | 0,100 | 34,432 | 17,216 | 26,409 Euros/ml | 17,216 Euros/m2 |
| **D5** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV** | **Doble Circuito** | 70.046 | 70,046 | 1,534 | 45,662 | 0,100 | 45,762 | 22,881 | 35,099 Euros/ml | 22,881 Euros/m2 |
| **D6** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV** | **Triple Circuito** | 81.106 | 81,106 | 1,534 | 52,872 | 0,100 | 52,972 | 26,486 | 40,629 Euros/ml | 26,486 Euros/m2 |
| **D7** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV** | **Simple Circuito** | 46.814 | 46,814 | 1,517 | 30,860 | 0,100 | 30,959 | 15,480 | 23,483 Euros/ml | 15,480 Euros/m2 |
| **D8** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV** | **Doble Circuito** | 62.263 | 62,263 | 1,517 | 41,044 | 0,100 | 41,143 | 20,572 | 31,207 Euros/ml | 20,572 Euros/m2 |
| **D9** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV** | **Triple Circuito** | 72.094 | 72,094 | 1,517 | 47,524 | 0,100 | 47,624 | 23,812 | 36,123 Euros/ml | 23,812 Euros/m2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN

| TIPO | INSTALACION | CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS) | VALOR DE LAS INSTALACIONES | | | | VALOR DEL SUELO | VALOR TOTAL | Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5] | BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC] |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Valor unitario (Euros/Km) [A] | Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000] | Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C] | Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C] | Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E] | Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E] | | |
| **A1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | **Simple Circuito** | 889.446 | 889,446 | 0,600 | 1482,410 | 0,100 | 1482,510 | 741,255 | 444,753 |
| **A2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | **Doble Circuito** | 1.729.461 | 1.729,461 | 0,600 | 2882,435 | 0,100 | 2882,535 | 1441,267 | 864,760 |
| **A3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | **Simple Circuito** | 889.446 | 889,446 | 0,600 | 1482,410 | 0,100 | 1482,510 | 741,255 | 444,753 |
| **A4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | **Doble Circuito** | 172.461 | 172,461 | 0,600 | 287,435 | 0,100 | 287,535 | 143,767 | 86,260 |
| **B1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv | **Simple Circuito** | 705.740 | 705,740 | 0,500 | 1411,480 | 0,100 | 1411,580 | 705,790 | 352,895 |
| **B2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | **Doble Circuito** | 1.178.856 | 1.178,856 | 0,500 | 2357,712 | 0,100 | 2357,812 | 1178,906 | 589,453 |
| **B3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | **Triple Circuito** | 1.545.571 | 1.545,571 | 0,500 | 3091,142 | 0,100 | 3091,242 | 1545,621 | 772,810 |
| **B4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | **Simple Circuito** | 664.629 | 664,629 | 0,500 | 1329,258 | 0,100 | 1329,358 | 664,679 | 332,339 |
| **B5** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | **Doble Circuito** | 1.109.930 | 1.109,930 | 0,500 | 2219,860 | 0,100 | 2219,960 | 1109,980 | 554,990 |
| **B6** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | **Triple Circuito** | 1.455.538 | 1.455,538 | 0,500 | 2911,076 | 0,100 | 2911,176 | 1455,588 | 727,794 |
| **B7** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | **Simple Circuito** | 401.258 | 401,258 | 0,400 | 1003,145 | 0,100 | 1003,245 | 501,622 | 200,649 |
| **B8** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | **Doble Circuito** | 670.100 | 670,100 | 0,400 | 1675,250 | 0,100 | 1675,350 | 837,675 | 335,070 |
| **B9** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | **Triple Circuito** | 1.131.546 | 1.131,546 | 0,400 | 2828,865 | 0,100 | 2828,965 | 1414,482 | 565,793 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

| GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | VALOR DE LAS INSTALACIONES | | | | VALOR DEL SUELO | VALOR TOTAL | | |
| **TIPO** | **INSTALACION** | **CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)** | Valor unitario (Euros/Km) [A] | Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000] | Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C] | Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C] | Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E] | Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E] | Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5] | BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC] |
| **C1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | **Simple Circuito** | 363.043 | 363,043 | 0,400 | 907,608 | 0,100 | 907,707 | 453,854 | 181,541 |
| **C2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | **Doble Circuito** | 606.281 | 606,281 | 0,400 | 1515,703 | 0,100 | 1515,802 | 757,901 | 303,160 |
| **C3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | **Triple Circuito** | 1.023.780 | 1.023,780 | 0,400 | 2559,450 | 0,100 | 2559,550 | 1279,775 | 511,910 |
| **C4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | **Simple Circuito** | 135.944 | 135,944 | 0,400 | 339,860 | 0,100 | 339,960 | 169,980 | 67,992 |
| **C5** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | **Doble Circuito** | 227.027 | 227,027 | 0,400 | 567,568 | 0,100 | 567,667 | 283,834 | 113,533 |
| **C6** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | **Triple Circuito** | 297.718 | 297,718 | 0,400 | 744,295 | 0,100 | 744,395 | 372,197 | 148,879 |
| **D1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | **Simple Circuito** | 118.212 | 118,212 | 0,400 | 295,530 | 0,100 | 295,630 | 147,815 | 59,126 |
| **D2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | **Doble Circuito** | 197.415 | 197,415 | 0,400 | 493,538 | 0,100 | 493,637 | 246,819 | 98,727 |
| **D3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | **Triple Circuito** | 258.885 | 258,885 | 0,400 | 647,213 | 0,100 | 647,312 | 323,656 | 129,462 |
| **D4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | **Simple Circuito** | 106.391 | 106,391 | 0,400 | 265,978 | 0,100 | 266,077 | 133,039 | 53,215 |
| **D5** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | **Doble Circuito** | 177.673 | 177,673 | 0,400 | 444,183 | 0,100 | 444,282 | 222,141 | 88,856 |
| **D6** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | **Triple Circuito** | 232.997 | 232,997 | 0,400 | 582,493 | 0,100 | 582,592 | 291,296 | 116,518 |
| **D7** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | **Simple Circuito** | 94.570 | 94,570 | 0,400 | 236,425 | 0,100 | 236,525 | 118,262 | 47,305 |
| **D8** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | **Doble Circuito** | 157.932 | 157,932 | 0,400 | 394,830 | 0,100 | 394,930 | 197,465 | 78,986 |
| **D9** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | **Triple Circuito** | 207.108 | 207,108 | 0,400 | 517,770 | 0,100 | 517,870 | 258,935 | 103,574 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS

| TIPO | INSTALACIÓN | VALOR DE LAS INSTALACIONES | | | | VALOR DEL SUELO | VALOR TOTAL | Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5] | BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC] |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Valor unitario (Euros/Km o Ud) [A] | Valor unitario (Euros/m o Ud) [B=A/1000] | Equivalencia por tipo de terreno [C] | Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C] | Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E] | Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E] | | |
| **A** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D≤ 4 pulgadas | 49.320 Euros/Km | 49,320 Euros/m | 3,000 m2/ml | 16,440 | 0,100 | 16,540 | 8,270 | 24,810 euros/mL |
| **B** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4<D≤8 pulgadas | 147.960 Euros/Km | 147,960 Euros/m | 6,000 m2/ml | 24,660 | 0,100 | 24,760 | 12,380 | 74,279 euros/mL |
| **C** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8<D≤12 pulgadas | 246.600 Euros/Km | 246,600 Euros/m | 6,000 m2/ml | 41,100 | 0,100 | 41,200 | 20,600 | 123,599 euros/mL |
| **D** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12<D≤16 pulgadas | 345.240 Euros/Km | 345,240 Euros/m | 8,000 m2/ml | 43,155 | 0,100 | 43,255 | 21,627 | 173,019 euros/mL |
| **E** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16<D≤20 pulgadas | 443.880 Euros/Km | 443,880 Euros/m | 8,000 m2/ml | 55,485 | 0,100 | 55,585 | 27,792 | 222,339 euros/mL |
| **F** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20<D≤25 pulgadas | 542.520 Euros/Km | 542,520 Euros/m | 10,000 m2/ml | 54,252 | 0,100 | 54,352 | 27,176 | 271,759 euros/mL |
| **G** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25<D≤30 pulgadas | 641.160 Euros/Km | 641,160 Euros/m | 10,000 m2/ml | 64,116 | 0,100 | 64,216 | 32,108 | 321,079 euros/mL |
| **H** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30<D pulgadas | 739.800 Euros/Km | 739,800 Euros/m | 10,000 m2/ml | 73,980 | 0,100 | 74,080 | 37,040 | 370,399 euros/mL |
| **I** | Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3. | 6.350 Euros/ud | 6.350,00 Euros/ud | 100,000 m2/ud | 63,500 | 0,100 | 63,600 | 31,800 | 3179,986 euros/ud |
| **J** | Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior. | 31.750 Euros/ud | 31.750,00 Euros/ud | 500,000 m2/ud | 63,500 | 0,100 | 63,600 | 31,800 | 15899,929 euros/ud |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

## CÁLCULO DA TARIFA

| GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **TIPO** | **INSTALACION** | **CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)** | BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTORES (Euros/ml) [H=GxC] | BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G] | TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductoresxTipo impositivo vuelo 2,5% ( Euros/ml) [J=H*2,5/100] | TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=I*5/100] | TARIFA ZONA DE APOYO ( CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyoxTipo impositivo apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=I*2,5/100] |
| **A1** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv** | **Simple Circuito** | 150,101 | 8,478 | 3,753 | 0,424 | 0,212 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **A2** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv** | **Doble Circuito** | 253,406 | 14,313 | 6,335 | 0,716 | 0,358 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **A3** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv** | **Cuádruple Circuito** | 505,931 | 28,577 | 12,648 | 1,429 | 0,714 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **A4** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv** | **Simple Circuito** | 133,866 | 11,975 | 3,347 | 0,599 | 0,299 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **A5** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv** | **Doble Circuito** | 226,156 | 20,230 | 5,654 | 1,012 | 0,506 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **A6** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv** | **Cuádruple Circuito** | 485,716 | 43,449 | 12,143 | 2,172 | 1,086 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B1** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv** | **Simple Circuito** | 80,593 | 11,889 | 2,015 | 0,594 | 0,297 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B2** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión220 Kv>U> 123 Kv** | **Doble Circuito** | 107,077 | 15,795 | 2,677 | 0,790 | 0,395 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B3** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv** | **Triple Circuito** | 123,930 | 18,282 | 3,098 | 0,914 | 0,457 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B4** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV** | **Simple Circuito** | 75,862 | 13,427 | 1,897 | 0,671 | 0,336 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B5** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV** | **Doble Circuito** | 100,803 | 17,841 | 2,520 | 0,892 | 0,446 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B6** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV** | **Triple Circuito** | 116,675 | 20,650 | 2,917 | 1,033 | 0,516 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B7** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV** | **Simple Circuito** | 57,538 | 24,216 | 1,438 | 1,211 | 0,605 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B8** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV** | **Doble Circuito** | 76,486 | 32,191 | 1,912 | 1,610 | 0,805 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **B9** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV** | **Triple Circuito** | 88,544 | 37,266 | 2,214 | 1,863 | 0,932 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

| GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **TIPO** | **INSTALACION** | **CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)** | BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTO RES (Euros/ml) [H=GxC] | BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G] | TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductoresxTipo impositivo vuelo 2,5% ( Euros/ml) [J=H*2,5/100] | TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=I*5/100] | TARIFA ZONA DE APOYO ( CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyoxTipo impositivo apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=I*2,5/100] |
| **C1** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV** | **Simple Circuito** | 52,069 | 21,915 | 1,302 | 1,096 | 0,548 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **C2** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV** | **Doble Circuito** | 69,213 | 29,130 | 1,730 | 1,457 | 0,728 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **C3** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV** | **Triple Circuito** | 80,123 | 33,722 | 2,003 | 1,686 | 0,843 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **C4** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV** | **Simple Circuito** | 33,735 | 19,399 | 0,843 | 0,970 | 0,485 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **C5** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV** | **Doble Circuito** | 44,838 | 25,784 | 1,121 | 1,289 | 0,645 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **C6** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV** | **Triple Circuito** | 51,904 | 29,847 | 1,298 | 1,492 | 0,746 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D1** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV** | **Simple Circuito** | 32,597 | 18,745 | 0,815 | 0,937 | 0,469 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D2** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV** | **Doble Circuito** | 39,001 | 22,427 | 0,975 | 1,121 | 0,561 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D3** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV** | **Triple Circuito** | 45,145 | 25,960 | 1,129 | 1,298 | 0,649 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D4** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV** | **Simple Circuito** | 26,409 | 17,216 | 0,660 | 0,861 | 0,430 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D5** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV** | **Doble Circuito** | 35,099 | 22,881 | 0,877 | 1,144 | 0,572 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D6** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV** | **Triple Circuito** | 40,629 | 26,486 | 1,016 | 1,324 | 0,662 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D7** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV** | **Simple Circuito** | 23,483 | 15,480 | 0,587 | 0,774 | 0,387 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D8** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV** | **Doble Circuito** | 31,207 | 20,572 | 0,780 | 1,029 | 0,514 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |
| **D9** | **Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV** | **Triple Circuito** | 36,123 | 23,812 | 0,903 | 1,191 | 0,595 |
| | | | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/ml | Euros/m2 | Euros/m2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

| GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **TIPO** | **INSTALACION** | **CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)** | BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC] | TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100] |
| **A1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | **Simple Circuito** | 444,753 | 22,238 |
| **A2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv | **Doble Circuito** | 864,760 | 43,238 |
| **A3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | **Simple Circuito** | 444,753 | 22,238 |
| **A4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv | **Doble Circuito** | 86,260 | 4,313 |
| **B1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv | **Simple Circuito** | 352,895 | 17,645 |
| **B2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | **Doble Circuito** | 589,453 | 29,473 |
| **B3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | **Triple Circuito** | 772,810 | 38,641 |
| **B4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | **Simple Circuito** | 332,339 | 16,617 |
| **B5** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | **Doble Circuito** | 554,990 | 27,749 |
| **B6** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | **Triple Circuito** | 727,794 | 36,390 |
| **B7** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | **Simple Circuito** | 200,649 | 10,032 |
| **B8** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | **Doble Circuito** | 335,070 | 16,753 |
| **B9** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | **Triple Circuito** | 565,793 | 28,290 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

| GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **TIPO** | **INSTALACION** | **CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)** | BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC] | TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100] |
| **C1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | **Simple Circuito** | 181,541 | 9,077 |
| **C2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | **Doble Circuito** | 303,160 | 15,158 |
| **C3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | **Triple Circuito** | 511,910 | 25,595 |
| **C4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | **Simple Circuito** | 67,992 | 3,400 |
| **C5** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | **Doble Circuito** | 113,533 | 5,677 |
| **C6** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | **Triple Circuito** | 148,879 | 7,444 |
| **D1** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | **Simple Circuito** | 59,126 | 2,956 |
| **D2** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | **Doble Circuito** | 98,727 | 4,936 |
| **D3** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | **Triple Circuito** | 129,462 | 6,473 |
| **D4** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | **Simple Circuito** | 53,215 | 2,661 |
| **D5** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | **Doble Circuito** | 88,856 | 4,443 |
| **D6** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | **Triple Circuito** | 116,518 | 5,826 |
| **D7** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | **Simple Circuito** | 47,305 | 2,365 |
| **D8** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | **Doble Circuito** | 78,986 | 3,949 |
| **D9** | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | **Triple Circuito** | 103,574 | 5,179 |

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

| GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS | | | |
|---|---|---|---|
| **TIPO** | **INSTALACIÓN** | BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC] | TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100] |
| **A** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D≤ 4 pulgadas | 24,810 euros/mL | 1,240 euros/ml |
| **B** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4<D≤8 pulgadas | 74,279 euros/mL | 3,714 euros/ml |
| **C** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8<D≤12 pulgadas | 123,599 euros/mL | 6,180 euros/ml |
| **D** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12<D≤16 pulgadas | 173,019 euros/mL | 8,651 euros/ml |
| **E** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16<D≤20 pulgadas | 222,339 euros/mL | 11,117 euros/ml |
| **F** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20<D≤25 pulgadas | 271,759 euros/mL | 13,588 euros/ml |
| **G** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25<D≤30 pulgadas | 321,079 euros/mL | 16,054 euros/ml |
| **H** | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30<D pulgadas | 370,399 euros/mL | 18,520 euros/ml |
| **I** | Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3. | 3179,986 euros/ud | 158,999 euros/ud |
| **J** | Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior. | 15899,929 euros/ud | 794,996 euros/ud |

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Foz, 7 de xuño de 2022.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 1607

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

# GUITIRIZ

*Anuncio*

**EXPEDIENTE Nº 264/2022**

**Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 1-2022. Crédito Extraordinario.**

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 31 de marzo de 2022 no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria consistente en crédito extraordinario por un importe total de 397.657,51 € sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

En consecuencia e segundo dispón o artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público o resumo por capítulos dos estados de gastos e ingresos trala aprobación definitiva de dito expediente:

| Capítulo | GASTOS | | | INGRESOS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Consignación Inicial | Modificacións | Consignación Definitiva | Previsión Inicial | Modificacións | Consignación Definitiva |
| 1 | 2.501.494,42 | 101.845,17 | 2.603.339,59 | 1.211.972,17 | 0,00 | 1.211.972,17 |
| 2 | 1.344.750,00 | 459.527,58 | 1.804.277,58 | 45.000,00 | 0,00 | 45.000,00 |
| 3 | 4.000,00 | 0,00 | 4.000,00 | 552.700,00 | 384,00 | 553.084,00 |
| 4 | 77.700,00 | 4.800,00 | 82.500,00 | 2.198.272,25 | 262.261,67 | 2.460.533,92 |
| 5 | 20.000,00 | -16.000,00 | 4.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 6 | 60.000,00 | 2.002.354,17 | 2.062.354,17 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 | 0,00 | 45.200,00 | 45.200,00 | 0,00 | 410.202,15 | 410.202,15 |
| 8 | 12.500,00 | 0,00 | 12.500,00 | 12.500,00 | 1.937.968,48 | 1.950.468,48 |
| 9 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | **4.020.444,42** | **2.597.726,92** | **6.618.171,34** | **4.020.444,42** | **2.610.816,30** | **6.631.260,72** |

Guitiriz, 10 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1608

# MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 2º BIMESTRE DO EXERCICIO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Localdo día06.06.2022aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do segundobimestre do exercicio 2022 (marzo-abril)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en **período voluntario**, dende o día**24.06.2022 ata o 24.08.2022.**

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público

2) A través de caixeirosautomáticos nas devanditas entidades financeiras

3) A través da páxina web do Concello *www.monfortedelemos.es*

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 9 de xuño de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1609

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZAMAIO 2022**

Por Xunta de Goberno Local do día06.06.2022 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de maio de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 23.06.2022 ata o 23.08.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 9 de xuño de 2022.- P.D. Decreto de 24.01.2022, A 1ªTenende de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez

R. 1610

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 3ªFRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2021-2022**

Por Xunta de Goberno Local do día 06.06.2021 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Terceira Fracción Cota Trimestralcurso 2021-2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pagoen período voluntario dende 23.06.2022 ata o 23.08.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 8 de xuño de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeiraTenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1611

---

## RÁBADE

*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **7 de xuño de 2022** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de maio de 2022**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 7 de maio de 2022. O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1612

---

## RIBEIRA DE PIQUÍN

*Anuncio*

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de dous peóns forestais, para os traballos mecanizados para prevención e defensa contra incendios forestais 2022 do Concello de Ribeira de Piquín, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comezando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1617

---

*Anuncio*

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun xefe de brigada, un peón-conductor e tres peóns forestais para formar a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2022 do Concello de Ribeira de Piquín, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1618

---

*Anuncio*

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada con data 13 de xuño de 2022, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun **técnico en orientación laboral**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), ata o 12 de setembro de 2022.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 / 14:00 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1619

---

## VILALBA

*Anuncio*

MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DO COMEDOR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILALBA,

O Pleno do Excmo. Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2022, acordaba, previa avocación, aprobar a modificación do artigo 4 do Acordo regulador do prezo público do Comedor da Escola de Educación Infantil de Vilalba, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, procederase á súa inserción no Portal de Transparencia da sede electrónica deste Concello [http://vilalba.sedelectronica.es], no Indicador 2.2 (Ordenanzas, Regulamentos e Prezos Públicos) en versión consolidada do texto completo.

*“Artigo 4. UNIDADE FAMILIAR E RENDA ANUAL PER CÁPITA*

*Para a determinación da tarifa a abonar polo/a usuario/a de acordo co artigo anterior aplicaranse as seguintes normas:*

*Para a fixación de cantidades, calcularase a renda per cápita da unidade familiar.*

*Para determinar a renda per cápita, teranse en conta os ingresos da unidade familiar, que virán determinados pola suma da base impoñible xeral e a base impoñible de aforro, dividida entre o número de membros da unidade de convivencia computables, en función dos datos do exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano en que dea comezo o curso escolar.*

*Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*Considérase que compoñen a unidade familiar:*

*– Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.*

*– Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.*

*– Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

*– Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.*

*– Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.*

*– No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.*

*– No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*

*A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior á matrícula do curso escolar correspondente."*

Vilalba, 9 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 1613

---

*Anuncio*

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións e/ou suxerencias durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial da modificación do Regulamento do Comedor Escolar da Escola de Educación Infantil de Vilalba, adoptado polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2022 (BOP n.º 091, de 22/04/2022), procedendo, para o seu xeral coñecemento, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do texto íntegro do modificado, que é o seguinte:

***"Artigo 3- Concepto***

*O servizo de Comedor Escolar Municipal é un servizo público básico, ademais de ser un servizo educativo, complementario, compensatorio e social que constitúe un instrumento imprescindible para contribuír á conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias.*

***Artigo 11- Usuarios/as fixos/as***

*Son aqueles alumnos/as que van facer uso do comedor escolar durante todo o curso todos os días da semana, salvo causas xustificadas. Non estará permitido facer uso do servizo por días soltos.*

*Deberán inscribirse no centro durante o período de matriculación escolar.*

***Artigo 13- Límite de prazas***

*O número máximo de prazas ofertadas no servizo de comedor é de 45.*

***Artigo 14- Procedemento de adxudicación de prazas***

*Na selección de admisión de usuarios do servizo de comedor, no caso de que o número de solicitudes supere ao de prazas dispoñibles, respectarase estritamente a seguinte orde de preferencia:*

- *Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior.*
- *Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.*
- *Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe dos servizos sociais do concello.*
- *Alumnado membro de familias numerosas.*
- *Alumnado fillos/fillas de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.*
- *Outro alumnado do centro. Estas solicitudes serán valoradas tendo en conta a renda per cápita, o que determinará a orde de prelación na adxudicación de prazas, tendo prioridade as rendas mais baixas. Para determinar a renda per cápita, teranse en conta os ingresos da unidade familiar, que virán determinados pola suma da base impoñible xeral e a base impoñible de aforro, dividida entre o número de membros da unidade de convivencia, según os datos obtidos do exercicio económico fiscal mais recente que estea en disposición de ofrecer a AEAT.*

*Considerase que compoñen a unidade familiar:*

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

*– Os país/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.*

*– Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.*

*– Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

*– Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.*

*– Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.*

*– No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.*

*– No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*

*A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior á matrícula do curso escolar correspondente.*

*A baremación das solicitudes realizarase polo persoal técnico do Departamento de Servicios Sociais do Concello de Vilalba, elevando proposta á alcaldía para a resolución de adxudicación de prazas ós usuarios e usuarias do servizo.-*

*No taboleiro de anuncios do centro, e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Vilalba, expoñerase a listaxe provisional de admitidos e de agarda e concederase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións.*

*No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, confeccionarase unha listaxe de agarda que seguirá a mesma orde que resulte do baremo empregado para a selección dos admitidos/as.*

*As solicitudes presentadas fóra de prazo, estarán condicionadas á existencia de prazas. De non ser o caso, incluiranse na lista de agarda segundo a orde de rexistro de entrada da solicitude.*

*En caso de que varios irmáns estean en postos consecutivos na listaxe de agarda, e aos pais/nais titores/as non lles interese que comence/n un/s e quede/n fóra o/s outro/s, reteranse a/s praza/s dispoñible/s ata que se poida dar entrada a todos.*

***Artigo 15 -Solicitudes de inscrición***

*A inscrición ao servizo de comedor ten carácter anual e formalizarase durante o período de matriculación no centro escolar. Os/as solicitantes deberán entregar a seguinte documentación:*

- *O modelo de solicitude*
- *Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal e libro de familia.*
- *Certificado de convivencia.*
- *Xustificación de ingresos familiares de tódolos membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia*
- *Informe do departamento de servizos sociais da situación socioeconómica de exclusión social, de ser o caso*
- *Xustificante de acollemento residencial ou familiar. Resolución pola que se recoñeza a condición de familia acolledora, de ser o caso*
- *Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso*
- *Certificado mediante o cal se acredite que os pais e nais traballadores contan con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, de ser o caso*
- *Xustificante de de ser usuario de transporte escolar*
- *Outra documentación acreditativa de diversas circunstancias: sentenza de separación/divorcio, carné de familia numerosa, informes médicos....*
- *Documentación esixida no caso de solicitar exención ou bonificación do prezo dos menús segundo o establecido no acordo regulador do prezo público do comedor da EEI de Vilalba*

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

***Artigo 18- Ausencia***

*No caso de ausencias esporádicas, os pais e nais dos alumnos/as deberán avisar ó Centro antes das 09:00 horas do día en que se presta o servizo, da ausencia do menor. A non comunicación de maneira reiterada de dita ausencia, suporá a baixa no servizo. Enténdese por reiterada a non comunicación de cinco ausencias no período de un mes.*

*No caso de ausencias continuadas, entendendo por tales as de tempo igual ou superior a unha semana, os pais e nais deberán avisar ó Centro antes das 09:00 horas do primeiro día en que se presta o servizo, da ausencia do menor. A non comunicación de dita ausencia, suporá a baixa no servizo.*

***Artigo 20-Obrigas das familias dos usuarios/as do comedor:***

- *Cumprir o presente regulamento e as demais disposicións legais vixentes que sexan de aplicación. Cooperar no axeitado cumprimento das normas establecidas, respectando o presente regulamento.*
- *Fomentar nos seus fillos actitudes de colaboración, solidariedade e convivencia.*
- *Estar ao corrente dos pagamentos das cotas e efectuar este mediante o sistema establecido.*
- *Recoller con puntualidade aos seus fillos. O incumprimento desta obriga determinará, previa comunicación telefónica por 3 veces e unha por escrito, que o/a encargado/a do comedor o poña en coñecemento do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vilalba, para que valoren se se trata dunha situación irregular ou de abandono, para adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes.*
- *Comunicar por escrito ao Centro, as posibles alerxias alimentarias, réxime especial por razón dietética ou motivos relixiosos e calquera outra incidencia que poida afectar á correcta prestación do servizo.*
- *Comunicar coa antelación referida anteriormente as faltas de asistencia ó comedor*
- *Manter unha conduta inspirada na tolerancia, na colaboración e no mutuo respecto aos outros/as usuarios/as, e ao persoal do servizo.*
- *Informarse e cumprir os trámites, prazos e requisitos precisos para a utilización do servizo.*

***Artigo 22- Dereito de admisión e potestade sancionadora***

*O Concello de Vilalba reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos alumnos/as que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais, titores/as non respecten este regulamento e as normas básicas de convivencia e colaboración.*

*Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia aos pais,nais, titores/as dos menores.*

*As condutas contrarias ao establecido no capítulo VII consideraranse como faltas leves, graves ou moi graves e serán cualificadas e sancionadas conforme ao establecido nos apartados seguintes.*

*Respectarase sempre a dignidade física e/ou persoal.*

*Respectarase a debida proporción entre a falta e a sanción aplicada, tendo en conta a idade do neno ou nena e as súas circunstancias persoais, familiares e sociais.*

*Para sancionar unha conduta, se terá en conta o recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.*

***Artigo 23- Faltas leves e sanción***

*Son faltas leves: Todas aquelas condutas que vulneren o establecido no capitulo VII (obrigas dos/as usuarios/as),que non sexan lo suficientemente importantes como para consideralas faltas graves ou moi graves.*

*Sanción das faltas leves: A sanción das faltas leves levarase a cabo polo persoal de atención no momento en que ocorran e consistirán en apercibimento ao alumno/a de forma privada."*

A modificación entrará en vigor unha vez publicado completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Así mesmo, procede a súa inserción no Portal de Transparencia da sede electrónica deste Concello [https://vilalba.sedelectronica.es], no Indicador 2.2 (Ordenanzas, Regulamentos e Prezos Públicos) en versión consolidada do texto completo.

Vilalba, 8 de xuño de 2022. A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 1614

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)

# MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**Expediente: A/27/33464**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 6 de mayo de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Manuel Vázquez Vázquez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,64 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 726 del polígono 20, en la parroquia de Lousada (Santiago), en el término municipal de Carballedo (Lugo), con destino a riego de 0,2330 Has.

Lugo, 2 de junio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1615

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/30853**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 8 de abril de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad Regantes Fontes do Prado de Arriba, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,59 l/s de agua procedente de dos manantiales Fontes do Prado de Arriba en el lugar y parroquia de Gueimonde (San Mamede), en el término municipal de A Pastoriza (Lugo) para usos ganaderos y riego.

Lugo, 1 de junio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero

R. 1616

---

Anuncio publicado en: Num BOP 136 año 2022 (15/06/2022 08:00:00)